

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 6 DE NOVEMBRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de varios ramais de acceso ao parque empresarial da Laracha, a prol do Concello da Laracha.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto do Decreto polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do Subprograma Ramón y Cajal, por importe de catrocentos sesenta e sete mil cincocentos euros (467.500 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 16 de xullo de 2012 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela, para o apoio ao Programa de formación de recursos humanos do Hospital Veterinario Universitario, por un importe total de oitocentos vinte e seis mil douscentos vinte euros e setenta e cinco céntimos de euro (826.220,75 euros).



MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Declaración institucional de adhesión da Xunta de Galicia á campaña do Consello de Europa "Un de cada cinco", contra o abuso sexual infantil.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería de Traballo e Benestar para a aplicación de descontos a familias numerosas no eido do Plan de transporte metropolitano de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o programa Oportunus.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as actividades da XX Semana Europea de Calidade.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre a Estratexia de inclusión social da poboación xitana 2014-2020.



A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DA LARACHA A TITULARIDADE DE VARIOS RAMAIS DE ACCESO AO PARQUE EMPRESARIAL DO MUNICIPIO

- ***A entrega das vías formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)***
- ***Correspóndenlle á Administración local, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello coruñés da Laracha de varios ramais de acceso ao parque empresarial desta localidade. Os treitos, executados pola Xunta no ano 2004, presentan características de vía urbana cun tráfico eminentemente local.

A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade dos seguintes tramos:

- ✓ Ramal principal de calzada única e dobre sentido que vai desde a rotonda do p.q.: 23+200 da AC-552 ata o parque empresarial, incluída a os rotonda e ramais de acceso ao parque.
- ✓ Ramal secundario de calzada única e sentido único que vai desde a saída da peaxe da autopista AG-55 ata o ramal principal.
- ✓ Ramal secundario que vai desde a rotonda do p.q.:23+200 da AC-552 en dirección sur ata conectar cun camiño local.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos que estean incluídos no inventario de travesías da súa Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.


Neste caso, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

Por outra parte, a citada Lei de estradas dispón no artigo 9.7 que os cambios de titularidade poderán abranguer estradas, treitos delas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.



En aplicación dos apartados 4 e 6 do artigo 10 da mencionada lei, o Concello da Laracha deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír o cambio de titularidade a que se refire o presente decreto.

Cabe sinalar que a entrega das vías se formalizará no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). A continuación, o plano no cal se amosan os treitos para transferir ao Concello da Laracha.



A XUNTA APROBA UNHA NOVA NORMATIVA QUE REGULARÁ A ACTIVIDADE PROFESIONAL DOS GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA

- ***O novo texto inclúe importantes novidades como o procedemento de habilitación directa e a súa duración indefinida, os réximes distintos segundo a procedencia do guía de turismo, a ampliación do ámbito de aplicación da norma ou a organización ou homologación de cursos de formación***

O Consello da Xunta, reunido no día de hoxe, aprobou o texto do proxecto do Decreto polo que se regulará a profesión de guía de Turismo de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo.

Entre as principais novidades cómpre sinalar que se introduce o procedemento de habilitación directa baseada na posesión de determinados títulos, sen necesidade da superación de probas específicas.

Así mesmo, mediante este nova normativa, a habilitación adquire unha duración indefinida que xa non precisa da súa validación cada cinco anos.

No que se refire á prestación de servizos ou ao establecemento e ao posible recoñecemento de cualificacións profesionais, establece réximes distintos segundo a procedencia do guía de turismo, diferenciando se procede doutra comunidade autónoma, da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo ou dun país terceiro.

Ademais, o novo proxecto de decreto amplía o ámbito de aplicación da norma, que comprende tanto a liberdade de prestación de servizos como o establecemento.

Xunto ao anteriormente sinalado, en orde de garantir a calidade e unha adecuada prestación dos servizos que comprenden a actividade profesional dos guías de turismo, prevé a organización ou homologación, por parte do órgano superior con competencias en materia de turismo, de cursos de formación, sendo voluntaria a asistencia eles.

O decreto non terá carácter retroactivo, polo que establece a conservación de todos os dereitos dos guías de turismo habilitados ao abeiro da normativa anterior. Así mesmo, dispón que se habilitarán de oficio aos guías de turismo especializados de Galicia de ámbito provincial ou autonómico como guías de turismo da Comunidade Autónoma de Galicia.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA MÁIS DE 523.500 € A COLABORAR NA CONTRATACIÓN NAS UNIVERSIDADES GALEGAS DE 16 INVESTIGADORES DOS PROGRAMAS RAMÓN Y CAJAL E JUAN DE LA CIERVA

- ***O departamento educativo da Xunta asume o financiamento complementario das axudas, liberando así as universidades de pagar esa contía e facilitando a captación de talento de doutores do máximo nivel para o sistema galego de investigación***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará un total de 523.500 euros a colaborar na contratación nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) de 16 investigadores ao abeiro dos subprogramas Ramón y Cajal e Juan de la Cierva, ambas as convocatorias de axudas do Goberno central. Para iso o Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao cofinanciamento das axudas de 11 bolseiros Ramón y Cajal, que se suman así aos 5 autorizados no outro subprograma na pasada reunión semanal do Goberno galego. Deste xeito a Xunta asume o financiamento complementario das axudas, o 10% da axuda dos bolseiros durante 5 anos e libera así as universidades de pagar esa contía e facilita a captación de talento de doutores do máximo nivel para o sistema galego de investigación.

O obxectivo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é lograr ratios similares aos países de vangarda en investigación promovendo, ademais, sistemas efectivos de mobilidade no sistema de I+D+i que garantan a oferta de oportunidades a aquelas traxectorias máis sólidas e permitan procesos de desenvolvemento profesional a escala internacional.

De feito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a xestionar algo máis de 49,2 millóns de euros no marco dun modelo de investigación universitaria definido, coherente, planificado e moderno. Así, desde 2009 concedéronse 367 axudas á etapa predoutoral 236 á posdoutoral, e contribuíuse á consolidación de 63 investigadores a través de programas como o Parga Pondal ou o Ramón y Cajal.

O cofinanciamento destas axudas fomenta a presentación aos programas máis competitivos dos mellores candidatos sen que o seu éxito comporte unha carga orzamentaria para a universidade, centro de investigación universitario ou grupo; tendo ademais en conta que o éxito nestes programas, máis aló do retorno científico e económico que o investigador produza, supón un indicador de calidade para o organismo en que se incorpore e para o conxunto do sistema galego de I + D + i.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN INCREMENTA NUN 16,4% A CONTÍA DESTINADA AO PROGRAMA DE FORMACIÓN DE RECURSOS HUMANOS DO HOSPITAL VETERINARIO UNIVERSITARIO ROF CODINA

- *O obxectivo é ampliar a duración do programa ata finais de 2015*
- *Deste xeito confirmase o compromiso da Xunta con este centro, que se une ao investimento de máis de 3,2 millóns para a construción do novo CEBIOVET*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria incrementará nun 16,4% a contía destinada ao financiamento do Programa de formación de recursos humanos do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, ata chegar a máis de 826.000 euros. Deste xeito, o departamento educativo da Xunta de Galicia estende a todo o ano 2015 o seu apoio a este programa, que dá soporte á actividade que se está a desenvolver neste centro desde os puntos de vista docente, asistencial e teórico.

A iniciativa funciona desde o ano 2012 e contribúe a mellorar as capacidades, a formación e cualificación do persoal do Hospital Veterinario da Universidade de Santiago de Compostela; de feito, ao abeiro del téñense financiado 25 bolsas e contratos nas 2 liñas de actuación –ou subprogramas- que constitúen o programa e que teñen en conta as necesidades específicas da USC no eido veterinario. Así, unha delas céntrase na formación de posgrao en clínica de grandes e pequenos animais, dirixido a licenciados ou graduados en Veterinaria co obxectivo de preparalos para o seu posterior acceso aos programas de residencia e á formación e experiencia para afrontar o exercicio profesional. Neste sentido cómpre indicar que, en medicina veterinaria, as residencias son a única vía de acceso ao título de especialista que outorgan as entidades reguladoras das diferentes ramas clínicas, denominadas colexios europeos. A duración do curso é de 12 meses, tempo en que as alumnas e alumnos rotan polos diversos servizos do hospital. O segundo dos subprogramas vai dirixido á formación e capacitación como tecnólogos de titulados en Formación Profesional, que complementan a acción clínica dos facultativos.

Este acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta confirma ademais o compromiso do Goberno galego co Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, que se une ao investimento de máis de 3,2 millóns para a construción do novo Centro de Investigación en Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET), unha infraestrutura que está chamada a ser un centro de referencia na investigación en medianos e grandes animais, que permitirá abrir novas liñas de investigación e novas oportunidades docentes, contribuíndo á formación de persoal altamente especializado e, en definitiva, ao fortalecemento do Campus Universitario de Lugo e á súa especialización na investigación no eido agro-gandeiro.



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE ADHESIÓN DA XUNTA DE GALICIA Á CAMPAÑA DO CONSELLO DE EUROPA “UN DE CADA CINCO” CONTRA O ABUSO SEXUAL INFANTIL

Un de cada cinco nenos é, foi ou poderá ser vítima de agresións sexuais, segundo diversos estudos levados a cabo por distintos organismos internacionais. Estas formas de violencia, entre as cales se atopan a explotación, o abuso sexual, a utilización de menores para a pornografía, o ciberacoso e outras, constitúen unha violación dos principios xerais da Convención dos dereitos do neno, xa que poñen en perigo a supervivencia e o desenvolvemento dos nenos e das nenas; reforzan a discriminación e, definitivamente, van contra o seu interese superior.

A Xunta de Galicia ten un interese particular en combater este fenómeno, para o que manifesta o seu compromiso fronte ás agresións sexuais loitando “para e cos nenos”. No ano 2013, a Xunta de Galicia incorporouse ao conxunto de accións da campaña do Consello de Europa ‘Uno de Cada Cinco’, de protección dos nenos e nenas contra a agresión sexual, presentándoa oficialmente con ocasión da celebración do Día dos Dereitos do Neno. Desde entón desenvolvemos accións de difusión, sensibilización e formación e participamos en distintas iniciativas promovidas por outras institucións.

Dando un paso máis, hoxe a Xunta de Galicia adhírese formalmente a esta campaña, promovida en España polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e coordinada pola Federación de Asociaciones para la Prevención del Maltrato Infantil (FAPMI-ECPAT), o que supón un apoio das diferentes áreas de atención social, educativa, sanitaria, xudicial ou de seguridade ás nenas e dos nenos vítimas de agresión sexual.

Esta adhesión supón un fito a nivel nacional na prevención do abuso sexual infantil xa que, aínda que numerosas entidades, organismos e particulares se comprometeron a difundir a campaña, a Xunta de Galicia, é a primeira comunidade autónoma que o fai a nivel institucional.

Para a Xunta de Galicia é fundamental contar co apoio de todos os galegos e as galegas para sensibilizar e concienciar a poboación sobre a realidade da agresión sexual infantil; por iso, considera importante a actuación global de todas as institucións e organismos.

Desde o mundo adulto adoitamos pensar que o abuso sexual e a agresión sexual aos nenos e nenas é un feito moito menos frecuente do que realmente é, pero, as cifras que manexan os expertos son realmente alarmantes. Igualmente somos conscientes de que algunhas das formas máis graves de abuso sexual non son detectadas, ao producirse na intimidade dos fogares. Por iso cremos que a sensibilización e a



divulgación de pautas educativas constitúen unha das mellores formas de abordaxe da protección dos menores contra este tipo de condutas.

Para contribuír a estes obxectivos, na próxima semana celebraremos o II Seminario de formación de mediadores en prevención da violencia sexual contra a infancia, dirixido a orientadores escolares de toda Galicia, sinalados como axentes prioritarios da prevención. Do mesmo xeito, nos próximos meses proxectamos organizar o I Foro xustiza-infancia de Galicia, que reunirá xuíces, fiscais e profesionais da seguridade co fin de promover unha xustiza amiga dos nenos.

Estas accións serán as primeiras que desenvolver nun proceso en que a Xunta de Galicia, con esta declaración, se compromete enerxicamente e no cal resulta fundamental o apoio de entidades e colaboradores, co fin de chegar a máis persoas cada día e que se sumen a este gran proceso de defensa dos nenos e das nenas.

Animamos a outras entidades, comunidades autónomas, departamentos e profesionais a unirse á campaña 'Un de cada cinco' para sumar esforzos e vontades a favor dos nenos e das nenas, como un ben que hai que protexer, porque entendemos que é obriga da sociedade preocuparse polo seu benestar e un deber da humanidade proporcionarlle o mellor que se lle poida dar.



PRETO DE 19.000 FAMILIAS NUMEROSAS DE GALICIA PODERÁN BENEFICIARSE DE DESCONTOS DE ATA UN 50% NAS TARIFAS DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e de Traballo e Benestar***
- ***A bonificación, que forma parte da Estratexia de apoio ás familias numerosas, será reintegrada a cada usuario a través da súa tarxeta***
- ***Estes descontos, contemplados no Plan de transporte metropolitano de Galicia, son compatibles coas bonificacións do programa tarifario social e recorrencia***
- ***Os orzamentos da Xunta para 2015 incrementan en máis dun 42% a partida para o transporte metropolitano co obxectivo de estender a súa implantación a Vigo, Ourense e Pontevedra e incrementar o número de concellos das áreas en que xa funciona***
- ***Este sistema demostra o seu éxito ao rexistrar un millón de viaxes ao mes nas comarcas de Santiago, Lugo, A Coruña e Ferrol***

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe o acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería de Traballo e Benestar para a aplicación de descontos a familias numerosas no eido do Plan de transporte metropolitano de Galicia. Esta iniciativa permitirá a preto de 19.000 familias numerosas de Galicia beneficiarse de descontos de entre un 20% e un 50% -en función de se son familia numerosa xeral ou específica- sobre as tarifas do Plan de transporte metropolitano.

Esta medida está recollida dentro do Plan de transporte metropolitano de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e forma parte da Estratexia de apoio ás familias numerosas impulsada pola Consellería de Traballo e Benestar.

O sistema de bonificación para as familias numerosas será o mesmo que o que se aplica para a bonificación por recorrencia para os usuarios que superan os 40 viaxes ao mes. Nese sentido, as viaxes realizadas nun mes polos membros de familias numerosas serán contabilizadas e procesadas e o sistema realizará unha recarga na tarxeta pola contía da bonificación con tan só introducila no caixeiro automático.

Cómpre indicar que estas bonificacións por familia numerosa son compatibles con outros descontos do programa tarifario (sociais e recorrencia) sen que o importe total das bonificacións poida superar o importe total da viaxe.

A Xunta de Galicia remitirá nos vindeiros días unha carta a todas as familias numerosas rexistradas na Comunidade das áreas nas cales esta iniciativa está operativa, para informarlles destas vantaxes. O requisito que deberán cumprir é similar



ao que se lles esixe aos usuarios xerais do plan, dispor dunha tarxeta do Plan de transporte metropolitano de Galicia e, especificamente, darse de alta telematicamente na aplicación social para familias numerosas da Dirección Xeral de Familia, de xeito que a Dirección Xeral de Mobilidade conte cos datos dos usuarios que deben percibir estas bonificacións.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia comezou a súa andadura no ano 2011 e, actualmente, estase implantando nas áreas da Coruña, de Santiago de Compostela, de Ferrol e de Lugo, e as cifras demostran que é un éxito, xa que se rexistraron un millón de viaxes ao mes no conxunto destas catro áreas.

O PTM (Plan de transporte metropolitano) implica unha serie de beneficios para os cidadáns que se traducen nun aforro medio anual para un usuario frecuente do transporte público de entre 300 ata 1.000 euros, dependendo da orixe e do destino dos seus desprazamentos.

Os orzamentos da Xunta para 2015 incrementan en máis dun 42% a partida para o transporte metropolitano co obxectivo de estender a súa implantación a Vigo, Ourense e Pontevedra e incrementar o número de concellos das áreas en que xa funciona.



A XUNTA ACTIVA O PROGRAMA OPORTUNIUS CO RETO DE CONTRATAR EN GALICIA 24 INVESTIGADORES DE REFERENCIA

- *O obxectivo é reter e captar investigadores excelentes para que desenvolvan a súa carreira en Galicia, formar a científicos con potencial para conseguir as bolsas europeas ERC e incorporar talento ás pemes*
- *A Consellería de Economía e Industria destinará máis de 4 millóns ata o 2020 para a contratación destes científicos en centros de investigación galegos, atraendo 25 millóns en fondos europeos que permitirán desenvolver liñas pioneiras*
- *Ao mesmo tempo, poranse en marcha incentivos para a contratación de persoal experto por parte das pemes galegas co obxectivo de maximizar os seus resultados de innovación*
- *O programa aspira a situar a Galicia no mapa mundial da investigación punteira, mellorar a competitividade do tecido produtivo coa transferencia de resultados da investigación á empresa e crear emprego altamente cualificado*
- *Os retornos mediranse en termos de coñecemento, competitividade científica e económica, prestixio internacional e mobilización de talento*

A Xunta de Galicia, na súa aposta polo talento investigador galego como un dos eixes fundamentais da política de innovación, activará nas próximas datas o programa Oportunus, que persegue reter, captar e formar investigadores excelentes, e impulsar a competitividade das pemes galegas a través da innovación. Deste xeito, o programa márcase como reto a incorporación, nos vindeiros seis anos, de 24 científicos de referencia ao sistema galego de I+D+i para desenvolver liñas punteiras e competitivas a nivel internacional desde Galicia.

Para acadar esta meta, a Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, investirá máis de 4 millóns de euros ata o ano 2020, o que permitirá contratar estes investigadores, que atraerán 25 millóns de euros en fondos europeos aos centros galegos de investigación.

Ao mesmo tempo, e con relación ao tecido empresarial, ao longo de 2015, o programa Oportunus reforzarase con incentivos á incorporación de talento nas pemes galegas, co obxectivo de sumar expertos capaces de maximizar os resultados derivados da súa actividade de innovación.

A actuación está dirixida a investigadores de gran proxección que xa son referencia nas súas áreas de coñecemento, ou están camiño de selo, e que foron recoñecidos a nivel europeo mediante unha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC). Estas bolsas –cuxa excelencia científica se reflicte no feito de que tres dos trece premios nóbel 2014 lle foron outorgados a investigadores que desenvolveron as súas carreiras grazas a elas- contan con asignacións económicas que oscilan entre 1,5 e 2,5 millóns



de euros para financiar liñas punteiras e permiten a dotación dos recursos humanos e materiais que estes investigadores necesitan para desenvolver os seus proxectos ao longo de cinco anos.

Así, coa activación de Oportunius, o Goberno galego persegue reter a investigadores excelentes galegos merecedores das mencionadas bolsas, atraer outros de fóra de Galicia para que veñan desenvolver os seus proxectos e formar científicos con potencial para conseguir estas bolsas ERC.

O programa lanzará convocatorias anuais coa finalidade de incorporar unha media de catro investigadores o ano ata 2020, acolléndoo baixo a figura legal do investigador distinguido, que Galicia activará mediante esta iniciativa. Deste xeito, aspírase a triplicar os oito investigadores recoñecidos con estas bolsas europeas que acolleu Galicia no período 2007-2013.

Investigación punteira e competitividade empresarial

Co desenvolvemento deste programa, a Xunta contribúe ao posicionamento de Galicia no mapa mundial da investigación punteira, obtendo ao mesmo tempo unha repercusión moi importante no crecemento da economía galega grazas á transferencia de resultados da investigación á empresa. Unha transferencia que repercutirá tanto no aumento da competitividade do tecido empresarial como na posibilidade de exportar coñecemento a través de patentes.

Así mesmo, Oportunius permitirá a creación de emprego altamente cualificado derivado da formación dos equipos de investigación destes científicos en centros galegos, o que lles permitirá consolidarse a outros científicos, co incentivo de facelo no marco de investigacións de primeiro nivel.

O labor desenvolvido polos investigadores que traballen en Galicia grazas ao Oportunius será unha fonte de coñecemento excelente para facer realidade os retos establecidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), achegando importantes retornos en termos de coñecemento excelente, competitividade científica e económica, prestixio internacional e mobilización de talento.



A XUNTA CELEBRA A SEMANA EUROPEA DA CALIDADE NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- *Desenvolverase en Santiago de Compostela entre os días 10 e 14 de novembro*
- *Está previsto que asistan a ela máis de 800 persoas*

A Xunta de Galicia celebrará, entre os días 10 e 14 de novembro, a Semana Europea da Calidade no Servizo Galego de Saúde, dirixida a profesionais, pacientes e cidadáns e á cal se espera que asistan máis de 800 persoas.

Esta iniciativa, que se desenvolverá en Santiago de Compostela, permitirá realizar actividades de formación e sensibilización relacionadas coa atención ao paciente, a mellora da calidade e a seguridade clínica.

Neste sentido, cada día terá lugar un obradoiro sobre aspectos de interese nestes eidos e o venres 14 celebrarase o III Congreso nacional Lean Healthcare, para dar a coñecer esta ferramenta de mellora dos procesos e compartir as mellores prácticas que se están a desenvolver con ela no ámbito nacional e autonómico.

Está previsto que participen na Semana da Calidade os pacientes do Consello Asesor e personalidades de recoñecido prestixio nacional e internacional. Ademais, e igual que o pasado ano, a Consellería de Sanidade outorgará o premio á organización sanitaria que durante 2013 se distinguira por ser a mellor en relación cos obxectivos de calidade e seguridade monitorizados e comparados.



INÍCIASE A TRAMITACIÓN DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA EN GALICIA PARA O PERÍODO 2014-2020

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe o borrador inicial desta planificación, que ten como principal obxectivo promover a normalización das condicións e da calidade de vida deste colectivo*
- *Fomenta o desenvolvemento de intervencións orientadas a acadar a igualdade da muller e a mellorar a situación da poboación infantil*
- *Inclúe 93 medidas que se articulan ao redor de seis eixes: educación, vivenda, saúde, emprego, servizos sociais e participación*
- *Como novidades concretas destacan, entre outras, o impulso da mediación a través de entidades de iniciativa social e a realización de cursos para obter o permiso de conducir*
- *O documento, para o cal xa se pediron achegas a colectivos e organizacións vinculadas á poboación xitana, continuará aberto ao diálogo ata chegar a un plan definitivo, que se incorporará á Estratexia de inclusión social*

A estratexia de inclusión social da poboación xitana en Galicia 2014-2020 iniciou hoxe a súa tramitación, ao ser elevada como informe ao Consello da Xunta. Trátase dun primeiro borrador desta planificación, de carácter transversal, e que xa foi elaborado contando coas achegas dos colectivos e das organizacións vinculadas á poboación xitana.

O principal obxectivo desta ferramenta é promover a normalización das condicións e da calidade de vida das persoas xitanas e apoiar a súa plena integración social e económica. En especial, fomentará o desenvolvemento de intervencións orientadas a acadar a igualdade da muller xitana e a mellorar a situación da poboación infantil.

Conta con seis obxectivos estratéxicos, 24 específicos e un total de 93 medidas concretas que se articulan ao redor de seis ámbitos de intervención: educación; vivenda; saúde; emprego e promoción económica; servizos sociais; e participación e imaxe social.

Deste xeito, ofrécese un marco para o desenvolvemento de intervencións de carácter integral e transversal, promovendo a coordinación e o traballo en rede entre os axentes públicos e sociais a prol da poboación xitana.

Ademais de ofrecer un marco común para as distintas actuacións, a estratexia propón outros cinco obxectivos estratéxicos: apoiar o desenvolvemento dos dereitos fundamentais do colectivo; mellorar as súas condicións de vida, especialmente nos ámbitos en que se rexistran maiores desvantaxes; promover a igualdade da muller



xitana; aumentar o coñecemento sobre o colectivo; e garantir a efectiva igualdade de oportunidades.

Para acadar estas metas, prevense accións positivas en distintos eidos. Así, por exemplo, inclúense intervencións tendentes a incrementar o nivel educativo e formativo das persoas xitanas, en especial o número de alumnos que completan a educación primaria e secundaria; actuacións específicas para acometer a erradicación dos poboados chabolistas máis conflictivos e de maior dimensións, cun enfoque integral; e a realización dunha oferta de actividades formativo-laborais, relacionadas coas actividades económicas que desenvolve a poboación xitana e adaptada ás súas características socioculturais.

Así, entre outras medidas concretas novas, pódese destacar que se impulsará a mediación nos distintos ámbitos (educación, vivenda, sanidade....) a través das entidades de iniciativa social. Tamén se ofertará a realización de cursos para a obtención do permiso de conducir, vinculadas á seguridade e prevención de accidentes, dentro da oferta de actividades formativo-laborais.

Diálogo permanente

Este borrador xa recolle achegas realizadas polas entidades que representan o sector. A partir de agora, e ata acadar un documento definitivo, continuarase o diálogo con estas entidades e con todas aquelas interesadas co fin de conseguir unha estratexia de consenso.

Cabe sinalar que este documento será aprobado no marco da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, que se está ultimando actualmente.

